

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS CONFRARIAS DE PESCADORAS E PESCADORES, Á FEDERACIÓN DE CONFRARIAS E ÁS AGRUPACIONES DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2022

As confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras son organizacións rexionais que agrupan os pescadores de pequena escala e as mariscadoras de Galicia. O seu papel dentro do sector pesqueiro outórgalles competencias na xestión e explotación de recursos mariños, actividades que realizan de modo colectivo. Esta posición permite que as confrarías teñan influencia en diferentes aspectos do desenvolvemento sostible, principalmente a nivel local.

Este tipo de organizacións, cunha longa tradición en Galicia e especialmente na provincia de Pontevedra, son recoñecidas como entidades de economía social, segundo o previsto no artigo 6 da Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.

Así, as confrarías de pescadores de Galicia e as agrupacións de mariscadoras xogan un papel importante na xestión e na explotación dos recursos mariños e, por tanto teñen influencia nalgúns aspectos identificados na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, coma a protección dos recursos e a equidade na repartición de ingresos e no acceso a bens comúns.

Respecto á súa distribución xeográfica, apréciase unha clara concentración da actividade do sector pesqueiro en rexións costeiras. Especial relevancia ten a provincia de Pontevedra en Galicia, onde se emprazan dúas de cada tres empresas do sector do procesado de peixes, crustáceos e moluscos, ou máis do 40% de empresas comercializadoras de produtos pesqueiros, o que demostra o alto grao de especialización deste ámbito territorial.

A Deputación de Pontevedra, consciente da importancia das confrarías de pescadoras e pescadores da provincia, que, xunto coa súa federación provincial e coas agrupacións de mariscadoras, contribúen ao desenvolvemento de accións de promoción e ao fomento dun sector de vital importancia na provincia coma é o da pesca e o marisqueo, dálle continuidade á presente liña de subvencións para realizar proxectos e actuacións para a mellora da comercialización e producións, formación técnica e asesoramento, material para vixilancia, novas tecnoloxías, equipos, elementos de transporte, infraestruturas ou calquera outro investimento que sirva para mellorar a competitividade deste tipo de entidades.

De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso e entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas ás confrarías de pescadoras e pescadores, á federación de confrarías e ás agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para financiar investimentos que melloren os servizos que desenvolvan no ano 2022.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións (LXS); na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións ás confrarías de pescadoras e pescadores, á federación de confrarías e ás agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Segunda. Financiamento

Estas axudas contan cun crédito total de douscentos cincuenta mil (250.000,00) euros e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 22/410.4150.789.02.

A porcentaxe máxima subvencionable será do 80 % do orzamento, sen prexuízo de que sexan compatibles con outras axudas recibidas doutros organismos, e a súa concorrencia en ningún caso poderá superar o custo total do investimento.

Limitacións:

- Importe do orzamento de gastos da actividade: máximo de sesenta mil (60.000,00) euros
- Importe da subvención: mínimo de seiscentos (600,00) euros e máximo de trinta mil (30.000,00) euros

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas tanto as confrarías de pescadoras e pescadores como a federación de confrarías ou as agrupacións de mariscadoras, sempre que estean legalmente constituídas e pertencen á provincia de Pontevedra.

Cuarta. Actuacións subvencionables

Serán actuacións susceptibles de axuda as que apoiem ás confrarías, á federación de confrarías e ás agrupacións de mariscadoras en proxectos e actuacións que teñan como obxecto:

- a. A comercialización e a valorización das producións
- b. A formación técnica e o asesoramento para desenvolver a actividade das confrarías e da federación de confrarías
- c. A divulgación e o uso das novas tecnoloxías e das enerxías renovables e o aforro enerxético
- d. O material para a vixilancia das producións
- e. Os investimentos para mellorar os servizos prestados:

- Axudas para investir en construcións, equipos, elementos de transporte, instalacións, reparacións en edificios e mantemento dos locais das confrarías e as lonxas.

- Axudas para adquirir equipamentos e sistemas informáticos, mobiliario e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos que lles prestan estas entidades ás persoas socias.

No caso de solicitudes para adquirir licenzas de *software*, estas só serán subvencionables cando as entidades beneficiarias as contabilicen como investimentos.

Quinta. Actuacións non subvencionables

Non será obxecto de subvención nesta convocatoria o seguinte:

- a. importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade de acordo co artigo 31.8 da LXS
- b. Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria

- c. As actuacións que non teñan como finalidade a prestación de servizos ás persoas socias
- d. Os gastos que non teñan natureza de investimentos. (exemplo: caixas de porestán, caixas plásticas non reutilizables, bolsas e láminas plásticas, material funxible de oficina e outros similares)

Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica, coa concesión dun prazo de 10 días ao respecto. En todo caso, se tal emenda se efectuase fora do prazo de presentación de solicitudes, limitarase á presentación electrónica do previamente presentado presencialmente en papel, sen que podan engadirse outros documentos ou rectificar os xa aportados.

Isto sen prexuízo da emenda en xeral que, no seu caso, procederá de acordo coas bases ou segundo a art.68.1 da Lei 39/2015.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- NIF da persoa representante legal da asociación
- Domicilio fiscal das entidades solicitantes

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e entregar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán entregar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Memoria do investimento que se vai realizar, na que se especifiquen:
 - As características técnicas dos equipos, as obras, os estudos técnicos e o mobiliario
 - Unha breve descrición do investimento que se vai realizar, que permitirá comprobar que é subvencionable nesta convocatoria
 - O calendario de realización do investimento durante o ano 2022
 - O número de postos de traballo que se van a crear, no seu caso
- b) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de corenta mil (40.000,00) euros sen IVE, no caso de execución de obras, ou de quince mil (15.000,00) euros sen IVE, no caso de subministracións de bens de equipo, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas provedoras antes da contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que o gasto se realizase antes da solicitude da axuda (artigo 31.3 da LGS). Esta situación deberase acreditar no expediente da subvención concedida

Se se van realizar obras, as entidades tamén deberán entregar:

- Orzamento da execución por capítulos ou memoria valorada coas unidades de obra desagregadas e o seu prezo unitario
- Acreditación da titularidade do ben sobre o que se realizará o investimento ou un acordo de cesión, de ser o caso

- Se as obras superasen os cincuenta mil (50.000,00) euros, presentarase unha reportaxe fotográfica do estado actual, de acordo co establecido no artigo 15.5 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a corrección.

Se algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario presentar os documentos xa entregados anteriormente. Para este efecto, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que o presente ou, na súa falta, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Criterios para a valoración das solicitudes

--Nº de socios e socias confraría: ata 20 puntos

- De 0 a 100 ----- 10 puntos
- De 101 a 300 ----- 15 puntos
- Más de 300 -----20 puntos

--Creación de postos de traballo derivados da axuda solicitada detallados na memoria: ata 10puntos

- Si: -----10 puntos
- No:----- 0 puntos

--Porcentaxe de mulleres que integran os órganos reitores da entidade solicitante: ata 20puntos

- Do 40% ao 49%----- 10 puntos
- Do 50% ao 60%----- 15 puntos

- Máis do 60% ----- 20 puntos
- Adecuado cumprimento e xustificación de anteriores subvencións: ata 15 puntos
- Cumprimento e xustificación do 100% do orzamento -----15 puntos
 - Cumprimento e xustificación de o 50% do orzamento-----5 puntos
 - Cumprimento e xustificación de menos do 50% do orzamento-----0 puntos
- Proxectos innovadores: ata 10
- Proxecto non innovador: 0 puntos
 - Proxecto innovador: 10 puntos
- Investimentos en proxectos para as mariscadoras: ata 25 puntos
- Si 25 puntos
 - No 0 puntos

Décimo terceira. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos; comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a. Informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes de acordo cos criterios da base décima e se explique o sistema seguido
- b. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS

Posteriormente, a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta da xefa de servizo das solicitudes de subvención. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidenta: a deputada delegada da área de Medio Ambiente
- Vogais: dúas persoas integrantes do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e unha do equipo técnico do Servizo de Intervención

- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Medio Ambiente, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

1. Solicitar cuantos informes estime necesarios para resolver
2. Emitir un informe con respecto ás solicitudes de subvención

Finalmente, a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva, segundo o disposto nas Bases de execución do Orzamento provincial e na lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude de subvención por silencio administrativo.

Décimo cuarta. Modificación da resolución

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a modificación da resolución de concesión sempre que non se varíe a finalidade establecida para as axudas, non se alteren as puntuacións e contías concedidas ás demais entidades nin se danen os seus dereitos, e axustaranse ao establecido no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e, en todo caso, presentarse antes do 15 de novembro de 2022.

Décimo quinta. Xustificación e pago das subvencións

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada o investimento ou a actividade, sempre antes do 31 de decembro de 2022, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2023.

O prazo para executar as actuacións e os investimentos poderá prorrogarse, en casos debidamente xustificadas, ata un máximo de tres (3) meses por acordo expreso do órgano competente previa solicitude por parte das entidades interesadas.

Naqueles casos nos que se conceda a ampliación do prazo de execución, a ampliación do prazo de xustificación non poderá exceder a metade do prazo establecido inicialmente, é dicir, un mes e medio, e sempre que con elo non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Unha vez aprobadas as axudas, cos informes previos de Intervención, estas aboaránselles ás entidades solicitantes, previa xustificación das accións realizadas, que deberán desenvolverse tendo en conta o establecido no artigo 30 da LXS e no artigo 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, relativa á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, e a porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado será do 20 %.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- a) Se se xustifica o 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención
- b) Se se xustifica un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional

O pago efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Para cobrar a subvención as entidades receptoras deberán presentar, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada e detallaranse as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e na que se poña de relevo que os gastos especificados nela se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda
- b) Xustificación, con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da subvención concedida, na que se indiquen cada factura, o número de unidades, os seus prezos unitarios e o custo total de cada unidade
- c) Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da Deputación da actividade ou do investimento subvencionado a través de anuncios en prensa, da páxina web, das redes sociais ou similares
- d) Memoria xustificativa na que se detallen as actuacións realizadas
- e) Se se crean novos postos de traballo, presentarase os documentos TC2 das e dos traballadores antes e despois de realizar o investimento
- f) Xustificación dos ingresos ou do financiamento obtido para a mesma finalidade

- g) Para cobrar a axuda concedida a entidade perceptora deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia institución provincial
- h) Na xustificación do gasto de obras requirirase a achega do proxecto técnico cando sexa legalmente necesario

Décimo sexta. Control e seguimento das subvencións

Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ás empresas provedoras preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar formas de pago que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

O persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velará por que se cumpran as condicións esixidas para a concesión das subvencións e para que se realicen correctamente as actuacións previstas. Para iso, efectuaranse as inspeccións e comprobacións oportunas e reflectirase no resultado do correspondente informe. Tamén se solicitará a información que se considere necesaria sobre as entidades beneficiarias das axudas.

Décimo sétima. Incumprimentos e responsabilidades

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décima sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de quince (15) días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda de dereito ó cobro e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo oitava. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun (1) mes; se transcorre este período sen recibir resposta, entenderase como desestimado. Nese caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co previsto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo,

da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous (2) meses. Igualmente, contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

Décimo novena. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases rexerá, o artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións, a LXS e demais normativa de aplicación pertinente.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria reemitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos de acordo coas normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.